



O Museo de Pontevedra acollerá a mostra do Parlamento sobre os autores homenaxeados no Día das Letras Galegas

- **A exposición “51 páxinas das nosas letras” estará aberta ao público do 18 ao 27 de novembro no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, a onde chega desde o Centro Galego de Barcelona**
- **Está organizada pola Cámara Galega coa colaboración da Real Academia e a Xunta de Galicia**

Santiago, 17 de novembro de 2014.- A exposición “51 páxinas das nosas letras”, organizada polo Parlamento de Galicia para poñer en valor as figuras dos escritores e escritoras galegos homenaxeados durante o medio século de historia do Día das Letras Galegas, chegará mañá martes ao Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, onde quedará aberta ao público ata o vindeiro 27 de novembro.

A exposición, inaugurada inicialmente no Parlamento de Galicia o 2 de decembro de 2013, está integrada por un perfil biográfico de cada un dos homenaxeados desde 1963, cando a Real Academia Galega, por proposta de Francisco Fernández del Riego, instaurou a celebración do Día das Letras Galegas cada 17 de maio.

A exposición inclúe tamén un vídeo divulgativo e cadansúa medalla (un altorrelevo en resina), obra do debuxante e caricaturista Siro López e do escultor Manuel Ferreiro Badía. Estas medallas forman parte da colección artística do Parlamento de Galicia.

Itinerante



A mostra, organizada polo Parlamento de Galicia coa colaboración da Real Academia Galega e da Xunta de Galicia, xurdiu con vocación itinerante e xa foi exposta en diferentes vilas e cidades galegas, ademais de na Casa de Galicia en Madrid; na sede do Comité das Rexións, en Bruxelas; e no Centro Galego de Barcelona, desde onde se trasladou a Pontevedra.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.